



PROCESO E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO PARA PARTICIPAR NO PROXECTO ERASMUS+

Contido

CONTIDO	1
1. INTRODUCCIÓN	2
2. OBXECTIVO	3
2.1. OBXECTIVO XERAL DO PROGRAMA ERASMUS +	3
2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROGRAMA ERASMUS +	3
3. PROCESO DE SELECCIÓN	8
3.1. COMISIÓN AVALIADORA (OU DE SELECCIÓN)	8
3.2. PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	8
3.3. SELECCIÓN DE CANDIDATAS	9
3.4. RECLAMACIÓN E PROCESO DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA	9
3.5. RENUNCIA DAS CANDIDATAS	9
3.6. CONTÍA DAS AXUDAS	10
3.7. PAGAMENTO DE AXUDAS	10



1. INTRODUCCIÓN

Erasmus+ é o programa da UE nos ámbitos da educación, a formación, a mocidade e o deporte para o período 2021-2027. A educación, a formación, a mocidade e o deporte son ámbitos chave que contribúen ao desenvolvemento persoal e profesional da cidadanía. En última instancia, unha educación e formación de gran calidade e inclusivas, así como a aprendizaxe informal e non formal, equipan aos mozos e participantes de todas as idades coas cualificacións e capacidades necesarias para unha participación significativa nunha sociedade democrática, o entendemento intercultural e para xestionar con éxito a transición cara ao mercado laboral. Así mesmo tamén se pretende potenciar a identidade europea.

O Programa é unha compoñente chave para apoiar os obxectivos do Espazo Europeo de Educación, o Plan de Acción de Educación Dixital 2021-2027, a Estratexia da Unión Europea para a Mocidade e o Plan de Traballo da Unión Europea para o Deporte (2024-2027).

Unha das principais prioridades do Programa é achegarse ás persoas con menos oportunidades, incluídas as persoas con discapacidade e os inmigrantes, así como os cidadáns da Unión Europea que viven en zonas remotas ou padecen dificultades socioeconómicas. Desta maneira, o Programa tamén instará aos seus participantes, en especial aos mozos, a que se involucren e aprendan a participar na sociedade cívica, concienciando sobre os valores comúns da Unión Europea.

O Programa pretende contribuír á consecución dos obxectivos da nova Axenda Europea de Innovación destinada a apoiar o desenvolvemento de talentos para impulsar a capacidade innovadora de Europa, o desenvolvemento de capacidades dixitais e de competencias e capacidades en campos orientados ao futuro, como a loita contra o cambio climático, a enerxía limpa, a intelixencia artificial, a robótica e a análise de macrodatos, que resulta fundamental para a cohesión e o crecemento sostible futuros de Europa.



2. OBXECTIVO

2.1. OBXECTIVO XERAL DO PROGRAMA ERASMUS +

O obxectivo xeral do Programa Erasmus + é apoiar, a través da aprendizaxe permanente, o desenvolvemento educativo, profesional e persoal das persoas nos ámbitos da educación, a formación, a mocidade e o deporte, dentro de Europa e fóra do seu territorio, a fin de contribuír ao crecemento sostible, ao emprego de calidade e á cohesión social, ademais da impulsar a innovación e a fortalecer a identidade europea e a cidadanía activa. Por conseguinte, o Programa será un instrumento crave para desenvolver o Espazo Europeo de Educación e apoiar a cooperación estratéxica europea no campo da educación e a formación, coas súas correspondentes axendas sectoriais. Á súa vez, resulta fundamental para impulsar a cooperación en materia de políticas de mocidade no marco da Estratexia da UE para a Mocidade do período 2019-2027 e desenvolver a dimensión europea no deporte.

2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROGRAMA ERASMUS +

O Programa persegue os obxectivos específicos seguintes:

- promover a mobilidade para a aprendizaxe das persoas e os colectivos, así como a cooperación, a calidade, a inclusión e a equidade, a excelencia, a creatividade e a innovación a nivel das organizacións e as políticas no ámbito da educación e a formación;
- promover a mobilidade para a aprendizaxe non formal e informal e a participación activa entre os mozos, así como a cooperación, a calidade, a inclusión, a creatividade e a innovación a nivel das organizacións e as políticas na esfera da mocidade;
- promover a mobilidade para a aprendizaxe do persoal do ámbito deportivo, así como a cooperación, a calidade, a inclusión, a creatividade e a innovación a nivel das organizacións deportivas e as políticas de deporte.

O programa Europeo Erasmus + ten diversas liñas de acción:

Acción chave 1: Mobilidade para a aprendizaxe das persoas

- proxectos de mobilidade para estudantado e persoal de educación superior, educación e formación profesionais (EFP), educación escolar, educación de persoas adultas e no ámbito da mocidade;



- acreditacións Erasmus nos ámbitos da educación superior, a educación e formación profesionais (EFP), a educación escolar, a educación de persoas adultas e no campo da mocidade;
- actividades de participación xuvenil;
- acción de inclusión de DiscoverEU;
- mobilidade do persoal no ámbito do deporte;
- intercambios virtuais no ámbito da educación superior e a mocidade.

Acción chave 2: Cooperación entre organizacións e institucións

- Asociacións para a cooperación, como son as seguintes: asociacións de cooperación; asociacións a pequena escala
- Asociacións de excelencia, como son as seguintes: centros de excelencia profesional; academias de profesores Erasmus+; Acción Erasmus Mundus
- Asociacións para a innovación: Alianzas para a innovación
- Desenvolvo de capacidades no ámbito da educación superior, a educación e a formación profesionais, a mocidade e o deporte.
- Acontecementos deportivos europeos sen ánimo de lucro.

Acción chave 3: Respaldo ao desenvolvemento de políticas e á cooperación

- Mocidade Europea Unida

Accións Jean Monnet

- Accións Jean Monnet no ámbito da educación superior
- Accións Jean Monnet noutros ámbitos da educación e a formación

Doutra banda, algunhas accións do Programa execútanse mediante convocatorias de propostas específicas xestionadas directamente pola Comisión Europea ou pola Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura. Para máis información, consúltense o programa de traballo anual de Erasmus+ e as páxinas web da Comisión37 e da Axencia Executiva.

As mobilidades que oferta o IES Fernando Blanco son mobilidades encadradas dentro da **acción chave 1:**

- ✓ **PROXECTO KA131HED DE MOBILIDADE PARA ESTUDANTES E PERSOAL DE EDUCACIÓN SUPERIOR**
- ✓ **PROXECTO KA122VET DE MOBILIDADE DE CORTA DURACIÓN PARA ESTUDANTES E PERSOAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL**



OBXECTIVOS DO PROXECTO KA131HED

Esta acción relativa á mobilidade na educación superior apoia a mobilidade física e combinada dos estudantes de educación superior de calquera campo de estudo e ciclo (ciclo curto e niveis de grao, mestrado e doutoramento). Os estudantes poden cursar estudos no estranxeiro nunha institución de educación superior asociada ou realizar un período de formación práctica nunha empresa, instituto de investigación, un laboratorio, unha organización ou calquera outro lugar de traballo pertinente no estranxeiro. Así mesmo, os estudantes poden combinar un período de estudo no estranxeiro cun período de formación práctica, reforzando máis aínda os resultados de aprendizaxe e o desenvolvemento de capacidades transversais. Aínda que se recomenda encarecidamente a mobilidade física de longa duración, esta acción recoñece a necesidade de ofrecer unha duración da mobilidade física máis flexible para garantir que o Programa sexa accesible para todos os estudantes, con independencia da súa orixe, circunstancias e campos de estudo.

Ademais, esta acción propicia que o persoal docente e administrativo de educación superior participe en actividades de desenvolvemento profesional no estranxeiro, ademais de que o persoal procedente do mundo laboral ensine e forme a estudantes ou persoal en institucións de educación superior. Estas actividades poden consistir en períodos de ensino e de formación (p. ex., aprendizaxe por observación, períodos de observación, cursos de formación).

Doutra banda, esta acción apoia os programas intensivos combinados, que permiten que grupos de institucións de educación superior elaboren conxuntamente plans de estudo de mobilidade combinada e actividades para estudantes e persoal académico e administrativo.

OBXECTIVOS DA ACCIÓN

O obxectivo desta acción é contribuír á creación dun Espazo Europeo de Educación de alcance mundial e reforzar o vínculo entre a educación e a investigación.

Esta acción persegue promover a empregabilidade, a inclusión social, o compromiso cívico, a innovación e a sustentabilidade ambiental dentro de Europa e fóra dela propiciando que os estudantes de todos os ámbitos e ciclos de estudo teñan a oportunidade de estudar ou formarse no estranxeiro como parte dos seus estudos. Os obxectivos da acción son os seguintes:

- expoñer aos estudantes a distintos puntos de vista, coñecementos, métodos de ensino e investigación e prácticas de traballo no seu campo de estudo dentro do contexto europeo e internacional;



- desenvolver as súas capacidades transversais, por exemplo as capacidades de comunicación, lingüísticas, de pensamento crítico, de resolución de problemas, interculturais e de investigación;
- desenvolver as súas capacidades prospectivas, como as capacidades dixitais e ecolóxicas, que lles permitirán enfrontarse aos retos actuais e do mañá;
- facilitar o seu desenvolvemento persoal, por exemplo a capacidade de adaptación a novas situacións e a confianza nun mesmo.

Doutra banda, o obxectivo tamén é que o persoal, incluído o de empresas, imparta cursos ou se forme no estranxeiro como parte do seu desenvolvemento profesional co fin de:

- compartir os seus coñecementos especializados;
- probar novas contornas de ensino;
- adquirir novas capacidades pedagóxicas e de deseño curricular innovadoras, así como capacidades dixitais;
- conectar cos seus homólogos no estranxeiro para desenvolver actividades comúns a fin de lograr os obxectivos do Programa;
- intercambiar boas prácticas e reforzar a cooperación entre institucións de educación superior;
- preparar mellor aos estudantes para o mundo laboral.

Adicionalmente, o obxectivo é impulsar o desenvolvemento de plans de estudos transnacionais e interdisciplinares, así como de métodos innovadores de aprendizaxe e ensino, incluída a colaboración en liña, a aprendizaxe baseada na investigación e os enfoques baseados en retos, coa finalidade de facer fronte aos desafíos sociais.

OBXECTIVOS DO PROXECTO KA122VET

Esta acción apoia aos provedores de educación e formación profesionais (EFP) e outras organizacións activas no ámbito da EFP que desexen organizar actividades de mobilidade para a aprendizaxe dirixidas a estudantes e persoal de EFP.

O abanico de actividades que poden beneficiarse de apoio é amplo, por exemplo a aprendizaxe por observación e os cursos de desenvolvemento profesional para o persoal, períodos de formación práctica e períodos de formación práctica de longa duración (ErasmusPro), expertos invitados e outras actividades que se explican a continuación.



As organizacións participantes deben promover activamente a inclusión e a diversidade, a sustentabilidade ambiental, a educación dixital e o compromiso e participación cívicos a través das súas actividades, utilizando as oportunidades de financiamento específicas que ofrece o Programa para tal fin, efectuando un labor de concienciación entre os seus participantes, compartindo as mellores prácticas e elixindo un deseño apropiado para as súas actividades.

OBXECTIVOS DA ACCIÓN

O obxectivo das actividades de mobilidade financiadas por Erasmus+ é brindar oportunidades de aprendizaxe ás persoas e apoiar a internacionalización e o desenvolvemento institucional dos provedores de EFP e outras organizacións activas no ámbito da formación e educación profesionais. A acción apoiará a posta en práctica da Recomendación do Consello sobre a educación e formación profesionais, a Declaración de Osnabrück⁶⁹ e a Axenda de Capacidades Europea⁷⁰. Así mesmo, contribuirá á creación do Espazo Europeo de Educación. Concretamente, os obxectivos desta acción son:

1. Mellorar a calidade da formación profesional inicial e continua (EFPI e EFPC) en Europa:
 - reforzando as competencias clave e as capacidades transversais, especialmente a aprendizaxe de idiomas e as capacidades dixitais;
 - apoiando o desenvolvemento das capacidades laborais específicas necesarias no mercado laboral actual e futuro;
 - compartindo mellores prácticas, promovendo o uso de métodos e tecnoloxías pedagóxicos novos e innovadores e apoiando o desenvolvemento profesional dos profesores, formadores, titores e demais persoal educativo de EFP;
 - desenvolvendo as capacidades dos provedores de EFP para levar a cabo proxectos de mobilidade de gran calidade e para formar asociacións de calidade á vez que desenvolven a súa estratexia de internacionalización;
 - facendo que a mobilidade sexa unha posibilidade realista para calquera alumno de EFPI e EFPC e prolongando a duración media da mobilidade dos estudantes de EFP para mellorar a súa calidade e os seus resultados;
 - potenciando a calidade, a transparencia e o recoñecemento dos resultados da aprendizaxe obtidos en períodos de mobilidade no estranxeiro, especialmente co uso de ferramentas e instrumentos europeos.
2. Reforzar a dimensión europea do ensino e a aprendizaxe:
 - fomentando os valores de inclusión e diversidade, tolerancia e participación democrática;
 - promovendo o coñecemento sobre o patrimonio europeo común e a diversidade;
 - apoiando o desenvolvemento de redes profesionais en toda Europa.



3. PROCESO DE SELECCIÓN

3.1. COMISIÓN AVALIADORA OU DE SELECCIÓN.

A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora que estará integrada por:

- Presidenta: A persoa que exerce a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue
- Secretaria/o: A persoa que exerce a xefatura de estudos do centro educativo
- Vogal 1: A coordinadora de programas europeos ou un membro do grupo de traballo dos programas Europeos
- Outros vogais: Titor/es dos grupos onde o alumnado presentara solicitude

Para mobilidades en grupo, formará parte da comisión o persoal acompañante.

3.2. PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

- A convocatoria para a participación no proceso de selección dos proxectos de mobilidade Erasmus+ abrírase cada ano aproximadamente no mes de novembro. Informarase as/os titoras/es da publicación da convocatoria, ademais expoñerase na páxina web do IES Fernando Blanco.
- O alumnado interesado deberán cubrir a solicitude de mobilidade, a través dun enlace que as/os titoras/es de grupo lles farán chegar por correo electrónico, unha vez que se abra a convocatoria, e tamén estará dispoñible na convocatoria que se publique na páxina web do centro.
- Para as/os recentemente tituladas/os que queiran facer unha mobilidade, na solicitude deberán cubrir o ciclo formativo que acaban de cursar e a promoción, pois isto daralle acceso ao curso correspondente da aula virtual para achegar a documentación necesaria para participar no proceso de selección e na mobilidade.
- As persoas candidatas achegarán, xunto coa solicitude, a documentación acreditativa dos méritos que se . Esta documentación para poder ser comprobada deberá presentarse de 3 formas:
 1. Se se presentan copias escaneadas de documentos orixinais deberán ser cotexados cos orixinais nas oficinas de rexistro do centro



2. As copias presentadas poden estar cotexadas previamente ante notario, nas oficinas do centro ou en calquera organismo ou administración pública.
3. Os documentos acreditativos dos méritos poden ser documento asinados dixitalmente con Código Seguro de Verificación (CSV)

O Prazo de presentación das solicitudes indicárase na convocatoria anual.

3.3. SELECCIÓN DE CANDIDATAS.

A comisión de selección estudará as solicitudes segundo os criterios establecidos (ver punto 4 CRITERIOS DE SELECCIÓN) e publicará a lista provisional de seleccionadas.

A lista provisional publicarase no taboleiro do Curso correspondente de Programas Europeos da Aula Virtual do IES Fernando Blanco e na Web do IES Fernando Blanco. Xunto coa lista provisional indicárase o prazo e a forma para presentar reclamacións.

Transcorrido o período de reclamacións, publicarase a lista definitiva do mesmo xeito.

3.4. RECLAMACIÓN E PROCESO DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA.

A partir da publicación provisional de seleccionadas, o alumnado que participa no proceso de selección dispoñerá dun prazo de tres días para presentar un escrito no Curso correspondente na aula virtual coas alegacións que se estimen oportunas. No prazo de 5 días a comisión de selección resolverá as reclamacións. En caso de estimación das mesmas procederase a modificar a lista de seleccionadas.

O alumnado que non fose seleccionado será incluído nunha lista de agarda por orde de puntuación obtida segundo os criterios do punto 4. No caso de que xurdan vacantes por renuncia das candidatas xa seleccionadas procederase a convocar a seguinte persoa da lista de agarda.

3.5. RENUNCIA DAS CANDIDATAS.

No caso de que por motivos xustificados unha persoa beneficiara non poida facer a mobilidade para a que ten concedida unha axuda, deberá presentar un escrito de renuncia no curso correspondente da aula virtual. As prazas que queden vacantes adxudicarase por orde de lista seguindo a listaxe de reserva.



Se a persoa beneficiaria tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de acordo co procedemento que se recolle no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que se lle comunicará por escrito cando se resolva a aceptación da renuncia.

3.6. CONTÍA DAS AXUDAS.

Os importes das axudas varían segundo o país de destino das mobilidades. Os importes son calculados pola aplicación Beneficiary Module na plataforma Erasmus+, así mesmo publicaranse as táboas na convocatoria anual.

3.7. PAGAMENTO DE AXUDAS.

As axudas faranse efectivas directamente ao beneficiario a través da conta bancaria indicada para tal efecto: un primeiro pagamento do 80% do importe antes da realización da mobilidade e o 20% restante ingresaranse na conta do beneficiario, unha vez realizada a mobilidade e entregada a documentación requirida.

O pagamento inicial polo importe do 80% da axuda concedida realizarase unha vez que o/a beneficiario/a e o/a director/a do centro educativo asinen o convenio de subvención Erasmus+ segundo o modelo establecido no Programa Erasmus+.

4. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS CANDIDATAS

Para a selección das persoas candidatas aplicaranse os seguintes criterios

1. REQUISITOS BÁSICOS:

Ser alumna/o do IES Fernando Blanco en algún dos ciclos Formativos que se imparten, no momento de realizar a mobilidade, ou ser recen titulada/o.

Terán prioridade as persoas candidatas que non fixeran mobilidade nos 2 últimos anos.

2. EXPEDIENTE ACADÉMICO (ATA UN MÁXIMO DE 2 PUNTOS):

Para o alumnado de 1º Curso calcularase a nota media das avaliacións que no momento de realizar a selección estean pechadas.

Para o alumnado de 2º curso a nota de valoración establecerase coa nota media de primeiro curso máis a nota media da 1ª avaliación de segundo. Con ámbalas dúas cualificacións realízase unha nova media aritmética, sendo os seleccionados ordenados de maior a menor medida.



3. COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS NO IDIOMA DO PAÍS DE ACOLLIDA OU IDIOMA DO PROXECTO (ATA UN MÁXIMO DE 2 PUNTOS):

O coñecemento da lingua do país de destino da mobilidade ou do proxecto (formativo, de traballo, investigación, etc.) deberá estar debidamente acreditado, mediante un título oficial que acredite o coñecemento do idioma segundo o nivel establecido no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER):

A1: 0,25 puntos,

A2: 0,5 puntos,

B1: 0,75 puntos,

B2: 1 puntos,

C1: 1,5puntos;

C2: 2 puntos.

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

Se o idioma do proxecto é diferente ao idioma do país de acollida deberá presentarse documentación acreditativa de esta circunstancia mediante documento oficial (p.ex. programa do curso onde se reflicta tal circunstancia)

4. INFORME DO EQUIPO DOCENTE DE MADUREZ, ACTITUDE E RESPONSABILIDADE (ata un máximo de 2 puntos):

Informe de madurez, actitude e responsabilidade elaborado polo equipo docente. Este informe será elaborado polo conxunto dos membros do equipo docente que imparten clase ao alumnado que solicita á mobilidade, e constará dos ítems a valorar que se indican:

- 1) Grado de madurez.
- 2) Autonomía, iniciativa e capacidade de adaptación.
- 3) Nivel de responsabilidade
- 4) Motivación e actitude positiva de cara ao ciclo formativo.
- 5) Capacidade de iniciativa
- 6) Participación activa nas actividades propostas
- 7) Capacidade de organización.
- 8) Capacidade de relacionarse cos demais.
- 9) Capacidade de traballo en equipo
- 10) Corrección na comunicación verbal e non verbal
- 11) Comportamento adecuado en cada situación (trato respectuoso cara aos



compañeiros, profesores e persoal do centro, partes de conducta)

O equipo docente elaborará un informe final motivado coa cualificación de aceptable (0,5 puntos), recomendable (1 punto), moi recomendable (1,5 puntos), excelente (2 puntos)

5. ENTREVISTA PERSONAL SOBRE SITUACIÓN ECONÓMICO-SOCIAL,
VULNERABILIDADE E CARTA DE MOTIVACIÓN (ata un máximo de 2 puntos)

A comisión de valoración deste criterio estará formada por unha persoa representante de equipo directivo, unha persoa do departamento de orientación e unha persoa do grupo de traballo de Erasmus+. Esta comisión entrevistará ao alumnado candidato para valorar a súa situación social e familiar e a súa situación de vulnerabilidade. Así mesmo, mediante esta entrevista tamén se avaliará o grado de madurez e capacidade de resposta ás adversidades de cada persoa candidata.

Para a acreditación situación social e familiar do alumnado candidato será necesaria a aportación de documentos oficiais que acrediten tal situación (vida laboral, libro de familia, documento acreditativo da situación económica, situación de exclusión social, situación violencia de xénero, etc.).

Situacións de vulnerabilidade:

- 1) Ser beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado no curso inmediatamente anterior ao que se vaia a realizar a mobilidade ou no curso académico no que se realice a mobilidade.
- 2) Percibir a unidade familiar unha prestación de Ingreso mínimo vital / Renda Mínima de Inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza, segundo a denominación adoptada en cada Comunidade Autónoma.
- 3) Estar en risco de exclusión social.
- 4) Pertencer a unha familias numerosa ou monoparental.
- 5) Atoparse nunha situación de especial necesidade e emerxencia social.
- 6) Ser vítima de terrorismo, de violencia de xénero ou en situación de orfandade.
- 7) Atoparse nunha situación de dependencia ou con dependentes a cargo.
- 8) Ter un contrato de traballo a tempo completo.
- 9) Ter a condición de refuxiado ou con dereito a protección subsidiaria ou presentar solicitude de protección internacional en España, ou noutro país, en caso de participantes entrantes.

En caso de que algunha das persoas candidatas se encontrara en varias das situacións de vulnerabilidade, so se puntuará aquela que lle sexa mais favorable para obter a máxima puntuación



Do mesmo xeito para a valoración da motivación do alumnado candidato a participar dunha mobilidade será necesario presentar unha Carta de Motivación.

Comisión de valoración emitirá un informe motivado coa cualificación de aceptable (0,5 puntos), recomendable (1 punto), moi recomendable (1,5 puntos), excelente (2 puntos)

6. OUTROS MÉRITOS OU ELEMENTOS DE VALORACIÓN

- Persoas con discapacidade (ata un máximo de 2 puntos). O grado de discapacidade valorarase segundo a seguinte táboa:

Ata o 33%: 0,5 puntos

Do 34% ao 50%: 1 punto

Do 51% ata o 60%: 1,5 puntos

Mais do 60%: 2 puntos

- Colaboración co proxecto Erasmus+: aportar contacto da empresa ou centro formativo a onde se quere facer a mobilidade (2 puntos)



TÁBOA DE VALORACIÓN

	0.5 PUNTOS	1 PUNTO	1.5 PUNTOS	2 PUNTOS
EXPEDIENTE ACADÉMICO	Nota media de 6 a 6'99	Nota media de 7 a 7'99	Nota media de 8 a 8'99	Nota media de 9 a 10
COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS	B1	B2	C1	C2
INFORME DO EQUIPODOCENTE	Aceptable	Recomendable	Moi Recomendable	Excelente
ENTREVISTA SOBRE SITUACIÓN ECONÓMICO-SOCIAL, DE VULNERABILIDADE E CARTA DE MOTIVACIÓN	Aceptable	Recomendable	Moi Recomendable	Excelente
DISCAPACIDADE	Ata o 33%	Do 34% ao 50%	Do 51 ao 60%	Máis do 60%
COLABORACIÓN CO PROXECTO ERASMUS				Aportar contacto de empresa ou centro formativo onde se quere facer a mobilidade.

NOTA: Aínda que o número de prazas dispoñibles sexa superior ao de solicitudes, para poder desfrutar da mobilidade é obrigatorio que tanto o informe do equipo docente e a entrevista persoal sexan valoradas, polo menos, como aceptable.

EQUIPO DE TRABALLO PROGRAMAS INTERNACIONAIS

Maria Carmen Cacheiro Lado

Vanesa Vázquez Novo

Sonia Belén López Bugeiro

Marcos Álvarez Álvarez

Generosa Gey Piñeiro- Coordinadora